Para comezar o terceiro trimestre en Ciencias Sociais, vos deixo aquí a proposta de traballo. Si vos fixades, xuntei o tema 7 e 8, pois considero que, deste modo, teredes unha idea más clara da organización dos distintos tipos de traballos.

Impórtame moito que teñades unha idea moi clara dos seguintes aspectos:

1. Entender que é o "traballo"
2. Diferenciar entre poboación "activa" e "inactiva"
3. Distinguir os sectores nos que se clasifican os traballos: primario, secundario y terciario.

E para todo iso precisades dominar o seguinte:

- Saber que traballos comprende cada un dos sectores.
- Saber que é a agricultura, a gandería e a pesca e acuicultura.
- Diferenciar o traballo artesanal do industrial.
- Coñecer o funcionamento xeral de unha fábrica.
- Coñecer os tipos de industrias.
- Comprender a influenza da industria na modificación da paisaxe.
- Saber que é a construción.
- Comprender a importancia do sector terciario na calidade de vida.

**Programación do traballo.**

Esta programación é algo opcional. Non tes que levala de xeito ríxido. Cando leas os temas, ten diante o resumo, para que podas facerte unha idea xeral da estrutura da organización dos traballos.
Os títulos escritos e subliñados en cor azul, son enlaces que levaranche aos vídeos e ás actividades on-line. Para poder facer algunha delas tedes que activar o permiso no teu ordenador para que funcione o "flahs". Se o teu ordenador nono ten, podes falar cos teus pais para que te axuden a descargalo e instalalo.

| | | |
|---|---|---|
| **Martes, 14**<br>1. Ver o vídeo Os sectores laborais I e Os sectores laborais II<br>2. Tarefa "Que sabes xa?", páx. 95 e páx. 107.<br>**3.** Observar e ler a estrutura do resumo dos temas 7 e 8 | **Mércores, 15**<br>1. Lectura da primeira parte do tema 7 (páx. 96 e 97)<br>4. Exercicios 1 e 2 da páx. 97 | **Venres, 17**<br>1. Lectura das páxinas 98 e 99.<br>2. Exercicios 1, 2 e 3 da páx. 99. |
| **Martes, 21**<br>1. Lectura das páxinas 100 e 101.<br>2. Exercicios 1 e 2 da páxina 101.<br>3. Ver o vídeo O Sector Primario. | **Mércores, 22**<br>1. Lectura da primeira parte do tema 8 (páx. 108 e 109).<br>2. Exercicios 1, 2 e 3 da páx. 109. | **Vernres, 24**<br>1. Lectura das páxinas 110 e 111.<br>2. Ver o vídeo "O Sector Secundario"<br>3. Exercicios 1 e 2 da páx. 111. |
| **Martes, 28**<br>1. Lectura das páxinas 112 e 113.<br>2. Exercicios 1 e 2 da páx. 113. | **Mércores, 29**<br>1. Lectura das páxinas 114 e 115.<br>2. Ver o vídeo "O Sector Terciario I" e "O comercio e os transportes"<br>3. Exercicios 1 e 3 da páx. 115. | |
| **Martes, 5**<br>1. Exercicio 3 da páx. 117.<br>2. Actividade interactiva I.<br>3. Actividade interactiva II. | **Mércores, 6**<br>1. Actividade interactiva (o turismo).<br>2. Pasapalabra: Xogo interactivo das profesións. | **Venres, 8**<br>1. Actividade de repaso. |